

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

13567 *Corrección de erros do Real decreto 795/2010, do 16 de xuño, polo que se regula a comercialización e a manipulación de gases fluorados e equipamentos baseados neles, así como a certificación dos profesionais que os utilizan.*

Advertidos erros no Real decreto 795/2010, do 16 de xuño, polo que se regula a comercialización e manipulación de gases fluorados e equipamentos baseados neles, así como a certificación dos profesionais que os utilizan, publicado no Boletín Oficial del Estado, suplemento en lingua galega número 154, do 25 de xuño de 2010, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 4, artigo 2.k) «Empresas habilitadas», liña 10, onde di: «... así como o persoal de mantemento doutros sistemas frigoríficos móbiles non regulados polos anteriores regulamentos.», debe dicir: «... así como aquelas que contén co persoal habilitado para o mantemento doutros sistemas frigoríficos móbiles non regulados polos anteriores regulamentos.»

Na páxina 4, artigo 3, número 2, onde di: «b) Mantemento ou revisión, incluída a carga e recuperación de refrixerantes fluorados», debe dicir: «b) Mantemento ou revisión, incluído o control de fugas, carga e recuperación de refrixerantes fluorados.»

Na páxina 15, punto 2.1.b), na primeira liña, onde di « Mantemento ou revisión de equipamentos fixos con sistemas frigoríficos de carga...» debe dicir: « Mantemento ou revisión de equipamentos con sistemas frigoríficos de carga...»

Na páxina 31, no anexo III, modelo de certificado persoal, RELACIÓN DE ACTIVIDADES HABILITADAS, onde di: «...de acordo co Real decreto...» debe dicir: «...de acordo co Real decreto... e co Regulamento (CE) N.º.../2008 da Comisión, do 2 de abril de 2008 (categoría...).»